

Requisitos que deben reunir as persoas aspirantes

- a) Ser maior de dezaoito anos ou facer esa idade no ano 2024.
- b) Non estar en posesión do título de graduado en educación secundaria ou de calquera outro título declarado equivalente para os efectos académicos.
- c) Non estar nin ter estado a cursar ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ordinaria nin de formación profesional básica no curso 2023/24, agás as persoas matriculadas durante o curso 2023/24 na educación secundaria para persoas adultas, que poderán inscribirse nas probas se previamente cumpren as seguintes condicións:
 - Ter solicitado a baixa nas ensinanzas do segundo cuadrimestre.
 - Así mesmo, para acudir á primeira convocatoria, as persoas con ámbitos do primeiro cuadrimestre sen superar deberán renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

O incumprimento dalgún destes requisitos suporá a anulación da inscrición na convocatoria da proba e dos posibles resultados académicos obtidos nela.

Documentación complementaria para a tramitación das solicitudes

- a) Pasaporte ou documento acreditativo da identidade recoñecido en dereito.
- b) Certificado dos ámbitos da proba superados en anteriores convocatorias fóra de Galicia.
- c) Certificación académica de ámbitos ou materias superados para a súa validación.
- d) Certificación do ditame de discapacidade no caso de que se solicite o recoñecemento de necesidades educativas especiais, cando esta fose recoñecida por outra Administración distinta da Xunta de Galicia.

Horario da proba

- De 9.00 a 9.30 horas: chamamento para o acceso aos espazos de realización da proba.
- De 9.30 a 12.00 horas: ámbito CientíficoTecnolóxico.
- De 12.15 a 13.15 horas: ámbito Social.
- De 16.00 a 19.00 horas: ámbito de Comunicación.

Normas de realización das probas

1. Para a realización da proba as persoas candidatas acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito. Non se permitirá o acceso ás persoas que non estean correctamente identificadas.
2. Na proba do ámbito Científico-Tecnolóxico, as persoas aspirantes poderán utilizar unha calculadora científica, agás as que sexan programables, gráficas ou con capacidade para almacenar e transmitir datos alfanuméricos. Os membros do tribunal poden comprobar se a calculadora cumpre os requisitos; de non ser así, será retirada e non poderá ser substituída por outra.
3. As persoas aspirantes non poderán acceder á proba con auriculares, teléfonos móbiles, reloxos intelixentes nin calquera outro dispositivo de almacenamento ou de transmisión de datos. Os membros do tribunal poderán comprobar en calquera momento o cumprimento desta norma.
4. Non respectar estas instrucións, copiar, valerse de información subministrada por terceiros, utilizar material non autorizado ou calquera tipo de actuación fraudulenta detectada durante a realización dos exercicios comportará a non superación da proba na súa totalidade.